Xornais de Revolución e Coroa

Atención, reporteiro e reporteira do pasado!

- Viaxaredes no tempo e converterédesvos en xornalistas dunha época chea de cambios, revolucións e novas ideas. Teredes que crear en grupos de 4 persoas a portada dun xornal histórico para comprenderdes mellor os feitos máis importantes destes períodos.

- Cada grupo elixirá un feito histórico importante deste período (por exemplo, a Revolución Francesa, o Imperio de Napoleón, as Cortes de Cádiz, a Constitución de 1812, o regreso de Fernando VII...) e investigará sobre el.

Que traballaredes?

- Aprenderedes a investigar e resumir información importante.

- Relacionaredes os novos contidos coa historia que xa coñeciades.

- Traballaredes en equipo, repartindo tarefas (escritura, ilustración, investigación...).

- Desenvolveredes a creatividade ao presentardes a información dunha forma diferente.

Que faredes?

- Investigar quen participou, que pasou, por que foi importante e como afectou á historia.

- Crear unha portada de xornal sobre ese feito:

    - Poñer un gran titular como se fose noticia actual. ○ Escribir un pequeno resumo ou noticia explicando o feito. ○ Incluír debuxos ou ilustracións (por exemplo, un retrato de Napoleón, o xuramento das Cortes de Cádiz...). ○ Engadir a data e o nome do xornal (podedes inventalo: "Noticias do Reino", "Eco da Liberdade", etc.).

- Expor a portada ao resto da clase:

    - Contar brevemente que escollestes e por que.

    - Explicar o feito histórico en poucas palabras.

Que podedes empregar?

- Libros de texto, cadernos de historia, internet supervisado, enciclopedias ou material proporcionado polo mestre/a.

- Folios, cartolinas, cores, rotuladores para facerdes a portada.

"Xornais de Revolución e Coroa", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0